ALEGACIÓNS AO PROXECTO "PARQUE EÓLICO TOROÑA"

Termos municipais afectados: Baiona, Oia, O Rosal e Tomiño (Pontevedra).
Referencia: *DOG do 12 de decembro de 2022, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de interese autonómico do proxecto do parque eólico Toroña.*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Parque Eólico Toroña preténdese instalar na provincia de Pontevedra nos termos municipais de Tomiño, O Rosal, Oia e Baiona, no espazo natural coñecido como Serra da Groba.
O proxecto consiste na colocación de 10 aeroxeradores de máis de 100 metros de altura, dos cales, 3 proxéctanse no concello de Baiona.

Á vista do Anuncio da Vicepresidencia Segunda e a Consellería de Economía, Empresa e Innovación e da Xefatura Territorial de Pontevedra, polo que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental e a solicitude de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de interese autonómico, e declaración de utilidade pública do proxecto do parque eólico Toroña, a organización política antes mencionada presenta o seguinte escrito realizando as presentes,

ALEGACIÓNS:

1. Falla da preceptiva publicación do anuncio de exposición pública do proxecto no B.O.E.

Dificultando a información pública á cidadanía e incumprindo, de facto, o artigo 125 do RD 1955/2000.

2. Parques eólicos fragmentados con superposicións de poligonais e compartición de estruturas.

Os diferentes proxectos eólicos na mesma Serra da Groba están, de xeito interesado, fraudulentamente fragmentados xa que comparten estruturas básicas e existen superposicións das poligonais dos mesmos.
Xa que logo, deberan ser considerados como proxecto único.

3. Sen ordenación territorial, enerxética nin beneficio local

O proxecto obxecto configúrase como un proxecto industrial de grandes dimensións orientado unicamente ao reforzo do sistema oligopolista de xeración de enerxía.
Non se sitúa en base a unha ordenación territorial previa, nin nunha planificación orientada ao aumento da eficiencia enerxética e ao aforro no seu consumo, nin tampouco ao fomento do autoconsumo e produción en proximidade.

4. Incumprimento dos obxectivos da Estratexia da UE sobre a biodiversidade (Axenda 2030)

O proxecto deste parque eólico resulta especialmente lesivo, tanto pola profunda transformación que implica para áreas de alto valor ecolóxico, como por significar un obstáculo de primeira orde para tentar lograr uns obxectivos de conservación coherentes coa estratexia de biodiversidade da UE.
Con afeccións medioambientes directas como:

- Espazos naturais protexidos da contorna.
- Ríos, manantiais, pozas e regueiras.
- Especies singulares, endémicas ou subendémicas de flora.
- Especies singulares, endémicas ou subendémicas de fauna.
- Avaliación de efectos sonoros.

5. Impactos paisaxísticos severos

Os aeroxeradores son elementos estraños nunha paisaxe natural, por conseguinte, a instalación dun parque eólico supón unha modificación da calidade estética do escenario.
Así o confirman as Declaracións de Impacto Ambiental desfavorables doutros parques eólicos fragmentados no mesmo territorio e o informe do Consello da Cultura Galega sobre a enerxía eólica e paisaxes culturais en Galiza.

6. Eliminación da multifuncionalidade dos montes veciñais en man común.

O monte é un sector estratéxico na economía e sociedade galega que contribúe a mitigar o cambio climático e á descarbonización da economía.

7. Incumprimento da Lei de montes de Galiza

No artigo 59 da Lei 7/2012, de 28 de xuño prohibe o cambio de uso dos terreos afectados polos lumes forestais por un periodo de 30 anos. Parte dos terreos integrados no proxecto arderon no ano 2013.

8. Ameaza para a poboación de cabalos pura raza galega.

A existencia de greas de Cabalo de Pura Raza Galega (denomidados “garranos”), considerado de interese no Catálogo Oficial de Razas Gandeiras e obxecto de plans de conservación e protección dado o seu perigo de extinción, cuxo hábitat verase afectado inevitábelmente pola construción do parque eólico.

9. Patrimonio cultural afectado.

Na Memoria de Impacto Arqueolóxico da área de implantación do Parque Eólico non se contempla a totalidade do patrimonio afectado.
Tampouco se avalían os efectos no patrimonio etnográfico nin sobre o Camiño de Santiago.

10. Afeccións a posíbeis ampliacións da Rede Natura 2000

Non se ten en conta como afectaría a construción do parque eólico a posíbeis ampliacións da superfície da Rede Natura 2000.

CONSIDERACIÓNS FINAIS

1º Que a Serra da Groba constitúe un dos espazos montañosos atlánticos, próximos ao litoral, de maior interese ambiental e pasixasístico do sur de Galiza, destacando como compoñente fundamental das serras perilitorais e cun alto valor turístico.

2º No contexto dos montes do Sur de Pontevedra esta serra distínguese pola súa calidade ambiental. Constitúe unha área de paso nas migracións de diversas especies de aves, tanto terrestres como acuáticas, e conta coa presenza de diferentes hábitats e especies de flora e fauna a protexer segundo diferentes Directivas Europeas e Catálogos de Fauna Ameazada.

3º A valoración dos impactos é deficiente ou inexistente na cualificación da alteración da calidade da paisaxe, na flora e fauna e na destrución ou alteración do patrimonio.

4º Que non se teñen en conta a afectación aos intereses económicos, de biodiversidade e multifuncionalidade produtiva do monte nin responde a un ordeamento territorial dun sector estratéxico na Galiza.

5º Que posúe un patrimonio cultural de carácter etnográfico e arqueolóxico extraordinario e único, cuxa conservación e posta en valor desde unha perspectiva histórica, científica e turística é totalmente incompatíbel coa instalación de parques eólicos.

Por isto, **SOLICÍTASE**:

Que se resolva negativamente e se denegue a autorización administrativa, que non se aprobe o proxecto de execución deste parque eólico e menos aínda a declaración de utilidade pública, a fin de preservar as funcións e valores ambientais, sociais e económicos do monte, por supoñer un impacto ambiental CRÍTICO sobre a paisaxe e o patrimonio natural e cultural deste ámbito, sendo totalmente contraditorio co establecido pola Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galiza, Lei 9/2001 de Conservación da Natureza, Directiva Europea 92/43/CCE, Directiva 79/409/CEE, catálogo de Especies ameazadas, D.88/2007 e Lei 7/2012 de montes de Galiza.

Para rematar, amparados no artigo 3.1.a. da Lei 27/2006 de acceso á información ambiental, demándase a esta parte unha resposta razoada sobre este escrito.

Baiona, 7de xaneiro de 2023